



Domingo, 19 de abril de 2026

17:00 horas

Centro Sociocultural Paco Pestana
Castroverde



Concerto

Na casa delas

Cuarteto vocal

Son de corda

Era outubro de 2023 cando a primeira parte do proxecto literario-musical Na casa deles se presentaba ante o público. Un proxecto pensado coma un camiño, con varias etapas, en que celebrar a Poesía da nosa provincia percorrendo cada un dos lugares máis relevantes para estas autoras e autores. Daquela protagonizado por voces masculinas e nesta segunda etapa por voces femininas.

Polo tanto, Na casa delas chega case dous anos máis tarde, nun setembro violeta de vendima, para continuar festexando a Palabra e a súa colleita a través dos textos de Luz Pozo Garza, María Mariño, Olalla Cociña, Olga Novo, Marica Campo, Xela Arias e algún da nosa tradición oral. Neles converxen diferentes tipos de amor, medos, incertezas e desenganos que enchen a cunca da vida.



Sintámonos, pois, coma na casa, maravillosamente acompañados pola música e as imaxes, para saborear grolo a grolo o mellor da nosa Poesía.

Beatriz Dourado

O cuarteto vocal Son de Corda é unha formación lucense que ten vocación de facer tanto música a capella coma con acompañamento instrumental. Dispón de un amplo repertorio lusófono e as propostas esenciais nas que traballa parten de poñer en relación música, arte e literatura.

Entre os seus proxectos podemos sinalar Na casa deles, homenaxe musical aos poetas lucenses, Cartas alén, unha proposta músico-epistolar con músicas galego-portuguesas, O mérito das mulleres, que pon en valor a compositoras dos séculos XVI e XVII, e o que agora se presenta, Na casa delas, correspondente a mulleres poetas lucenses.

Gran parte do diñeiro recadado nas actuacións de Son de Corda é reinvestido na creación de novo repertorio musical en galego. Para iso, está en contacto con compositoras/es e arranxistas, co fin de "actualizar" a nosa música medieval, tradicional e de autor/a.



Concerto

Cuarteto vocal

Son de Corda

Esperanza Iglesias, soprano

Carmen Prendes, contralto

Fernando G. Jácome, tenor

Antón Castro, baixo

Acompañamento

Raúl Rodríguez, piano

Realización vídeos

Manuel Lucas

Alejandro Gándara

Programa

Deseño e debuxos

Lucila Yáñez

Fotografías portadas

Olga Novo

Programa

Anquises

Poema de Olga Novo

Música de Carme Rodríguez

Ovellas

Poema de Olalla Cociña

Música de Carme Rodríguez

Vogar

Poema de María Mariño

Arranxo para piano de Aida Saco Beiroa

Arranxo para cuarteto vocal Fernando G. Jácome

Música de Uxía Senlle

Cantiga da Caniza

Tradicional. Composición de A. Jaunsarás

Arranxo para piano de Ana V. Silva

Nalgures

Poema de Marica Campo

Arranxo para piano de Paulo Borges, transcrito por Aida Saco

Arranxo para cuarteto vocal Fernando G. Jácome

Música de Uxía Senlle

Estou amor aquí

Sobre o poema *Manco o sol que regresa da xanela,*

de Xela Arias

Música de Xulio Domínguez

Far blues

Poema de Luz Pozo

Música e arranxo de Federico Mosquera Martínez

ANQUISES




Arrastras os pés, papá
lévote cos ollos ao carrelo
porque tentas fuxir da vellez coma dunha guerra ancestral
eu súbote ás miñas vértebras
cambadas polo peso
arrastras os pés pero eu podoo contigo
e lévote ao carrelo
ata o final da vida.
Arrastras a linguaxe e non che vén
á memoria un verbo
que aniñaba na parte esquerda do cerebro e eu
completo a túa frase coa palabra arar querer sachar tractor
ou balboreta arrastras
a mente cara ao pasado
e só lembrás aquela feira de 1952
cando lles caeron os cascos aos bois volvendo de Pedrafita
e lles sangraban os pés no río
a súa cornamenta aínda se abre nalgunha das túas neuronas
e volves ser un tratante de gando corenta anos despois.

FAR BLUES

Naquela cidade
onde unha rapaza escribía un diario secreto
na noite
mentres o soño desvalido semellaba finxir
silencios compartidos
nesa vella cidade do norte
o primeiro poema de amor fluuaba
coma un blues nostálxico na noite.
Só quería saber
por qué as cordas permanecen vibrando coma labios
e qué queda do diario secreto
na noite desvalida.
Querería saber daquel río esvaído do soño
tal unha despedida sen retorno,
do silencio curvado nunha praza deserta e antiga.
¿Onde vai o primeiro poema de amor
a materia sonora dun blues fuxidío
a inocencia primeira?

Luz Pozo Garza

Códice Calixtino
1986



MANCO O SOL QUE REGRESA DA XANELA

Manco o sol que regresa da xanela
e estou aquí amor e estou contigo:
quixera vernos fundidos á terra,
á terra, á auga, ó mundo inmenso.

As túas mans que me andiveron son días,
días que marchan e esquecín hai anos,
moitos anos, esta forma de volta
pois cen anos hai ata agora mesmo,
se ti non me abrazaras.

E estou aquí amor e estou contigo,
teus ollos chuvia, túa voz quen me agocha,
quen me agocha, meu amigo querido.

É contigo que podo
cre-las mentiras do amor
crer nas mentiras do amor,
unha imbecilidade que é imposible.

Xela Arias



Eu non sei ata cando lembrarás inda o meu nome
e saberás aínda que son a túa filla.

Descoñezo como se enrodelan as terminacións nerviosas
e se crispan e ás veces atopan unha luz silábica
que lles indica o camiño.

Como é que de súpeto non sabes talvez
que había que pór un pé diante do outro
para poder soñar
e que se arrodeas unha muller cos brazos iso é amor
e todo o demais
desaparece.

Porque así de sinxelo é o Universo.

Como o pequeno lexema ao que te agarras algunha tarde
coma se fora o mango dunha gadaña.

Ti

que fuches un orador no medio do agro ante un público
estupefacto
de corvos grilos toupas ovellas e libeliñas.

Ti

que tiñas a intuición do poema na punta da lingua
e explotábache no ceo do padal coma un figo maduro
carnoso exacto e brutal.

Que sabías que na nosa lingua o trigo se deita
ante unha orde do vento
que a rama das patacas arde
que existen cousas tan finas
coma a lingua dunha pita...
e só lembrás aquela feira de 1952
cando lles caeron os cascos aos bois volvendo de Pedrafita.

Papá
como será
cando se che despalatalicen as consoantes
e vexas chover desde dentro sen entender a auga
e remexas a lingua ata atopar a forma máis adecuada
e sorrís porque sabes
que aínda non caíches definitivamente
na curva melódica do silencio.
Lembras
con toda exactitude
que mamaches ata os cinco anos nos peitos da mai Benigna
que parira dazaseis fillos no último cuarto da casa
agarrada á branceira rezándolle a algún santiño
rompendo tódalas augas coma quen escacha un océano...
Eu penso que a podes ver ata cos ollos abertos
espalancados ao alén
cando ficas absorto e ninguén alcanza a saber
en que dimensión da marabilla está pousado o teu cerebro
coma as patiañas pequenas dun paporroibo riba da galla
dunha pereira.
Iguale ves a neve por dentro
a estrutura molecular do amor
as partículas dun bico cando se está formando na carne dos
beizos e o ar
igual ves
a enerxía
e non atopas no abecedario
ferramentas para o inefable
e por iso calas ou lle chamas culler á lámpada
e te trabas no medio da oración simple
e comezas a falar fermosamente poñendo por diante a
subordinada.

NALGURES

Nalgures andarás, nalgunha guerra,
quizais nunha cidade destruída
osmando entre os cadáveres a vida,
que o oficio de vivir nunca te aterra.

Sempre a loitar coa xente que se aferra
aos soños e que aposta na partida
aínda cando a causa está perdida
e mesmo cando sabe ben que erra.

Pintando arcos da vella na tormenta,
liñas policromadas coma pontes,
 cousas de non matar e bolboretas.

Así te podo ver, sempre á mantenta
onde se movan máis os horizontes,
que as ondas do teu mar nunca están quietas.

Marica Campo

Pedinche luz prestada
2001



CANTIGA DA CANIZA

Non te namores meniña
meniña non te namores
Non te namores meniña
das palabriñas dos homes.

Tres días hai que non como
senón lágrimas con pan
así son os desenganos
que os teus amores me dan.

Tradicional



Porque á fin
papá
te dirixes a min sen orde nas túas ordes
e desfás a sintaxe igual que debullabas fabas
e todo cobra o senso profundo daquilo que non ten lóxica
nin está sometido a nada.
Igal ves a neve por dentro
igual entendes a sombra
e es quen de calcular o raio dunha paixón
aínda que o resultado non poida comunicarse
máis que a través da pel.
Igal ves como vén cantar o poema no caracol do oído
e lle ves esvarar do peteiro ese po dourado
e caerme no tímpano
cando empezo a chorar coa emoción da escritura.
Igal ves como se me encolle a alma
cando se che encolle a túa.
Igal ves como vén cantar o poema no caracol do oído
e lle ves esvarar do peteiro ese po dourado
e caerme no tímpano
cando empezo a chorar coa emoción da escrita
e ti só lembrás aquela feira de 1952
cando lles caeron os cascacos aos bois volvendo
de Pedrafita.

Olga Novo

Feliz idade
2019



OVELLAS

sostendo unha folla de vide
veñen onda min comela as ovellas
e agora odio
e amo
a lingua máis áspera
eses ollos amarelos e irrealis
que me atrapan nun remuíño suplicante
quero ir canda elas
detrás da man e da vide:
que coman o meu corpo
porque unha estraña paz que me pon do revés lévame
absurda
gorentosamente
a ningún precipicio

Olalla Cociña

Ningún precipicio
2013



TIVEN MEDO DE VOGAR

Tiven medo de vogar,
tiven medo da auga crara.
Anque fora cuns bons remos
anque fora na mar calma,
non vogaba!, non vogaba!

O medo xa non sei del.
Xa secou aquel mar longo.
E sin saber donde veu,
si é doutro ou é meu,
navego nun mar de fondo.

María Mariño

Palabra no tempo
1994

